

AER PROPÓN AO CONSELLO DA MULLER UNHA BATERÍA DE ACTIVIDADES CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA



AER propondrá no vindeiro Consello da Muller unha serie de actividades e actuacións a desenvolver durante o mes de novembro, en conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Dende a Agrupación de Electores queremos destacar que **estas actividades non van dedicadas soamente para este mes en concreto**, senón encamiñadas á eliminación total da violencia de xénero, partindo da base de que a educación é a única que pode rachar con este problema; por isto, pretendemos que se desenvolvan máis aló do mes de novembro, e que teñan a continuidade necesaria segundo o interese e participación das mesmas.

Algunhas das propostas son:

- **Ciclo de cinefórum** feminista, na rúa ou en sala, para todas as idades.
- **Exposicións** fotográficas sobre diversas temáticas sociais actuais, como a venta de mulleres, a publicidade sexista ou os micromachismos.
- **Difusión** do traballo realizado por **mulleres profesionais de Redondela** mediante a elaboración de exposicións, mesas redondas ou ciclos de conferencias; onde estas protagonistas da nosa vila nos expliquen o seu traballo e a súa realidade profesional.
- **Paneis explicativos** en cada comercio de Redondela no que se difundan as **figuras femininas relevantes en cada profesión**.
- **Obradoiros** para mulleres de diversos temas, como: redución da brecha dixital (con talleres relacionados coas novas tecnoloxía), educación emocional, teatro, educación para a igualdade e non discriminación nos IES, etc.
- Actividades encamiñadas ás **futuras nais e pais**: obradoiros de parto, charlas...
- **Contacontos** feministas e revolucionarios, a través da biblioteca municipal e centros educativos e asociacións culturais.
- **Concurso de graffitis feministas**.
- **Música feminista: na rúa e na Radio Municipal**, promovidos por grupos locais de mulleres.

Para moitas destas actividades, propoñemos fomentar a participación dos centros educativos e asociacións para a creación das mesmas, a través de obras d@s nen@s, fotografías, vídeos, etc.

Para máis información,

Agrupación de Electores de Redondela (AER)

Domicilio: **Rúa Pai Crespo 15-Baixo, 36800 – Redondela.**

Tlfo: **647126712**

mail: **info@aeredondela.com**